

PRIVILEXIOS DOS POLITICOS FUNCIONARIOS

O traballo dun político que se diga progresista, no máis estrito e rigoroso sentido da verba, debería ter tamén un comportamento conforme ao que o común dos cidadáns entendemos por ser esquerdas. Dedicación altruísta en ben da sociedade, un compromiso realizado sen esperar recompensa algunha, sen poñer condicións sobre a remuneración e moitos cometidos realizados coa comprensión consciente da necesidade de traballar para o ben común.

Hoxe está claro que o noso réxime social está moi lonxe da aplicación deste tipo de comportamentos ou mínimas obrigas para quen desempeñe un cargo público. Nin eu lle pido aos nosos políticos de esquerdas que sexan uns bos marxistas. Tampouco aos do bipartito que goberna a Xunta. Os lexisladores intelixentes non deben xerar conflito entre a Lei e o sentido común. O obxectivo principal do establecemento das normas, ou polo menos iso é o que esperamos os votantes, debe ser captar con precisión as demandas sociais para mellorar a vida dos cidadáns.

Paréceme que no caso dos sobresoldos para os altos cargos da Xunta que sexan tamén funcionarios, os nosos lexisladores non se guiaron nin polo sentido común, nin polas demandas sociais. Aprobar por unanimidade no Parlamento Galego, unha emenda do grupo do Partido Popular, que introduce na modificación da Lei da Función Pública, un “aguinaldo” de 15.000 euros anuais para toda a vida, a maiores do salario ao que teñan dereito polo posto que ocupen é a maiores dun privilexio, un acto propio de réximes tiranos e feudais.

Nun País como Galiza, con moi graves problemas a solucionar, empezar por deixarse ben apañada a facenda propia a parte de ser un mal exemplo, supón unha deixadez nas obrigas que debería ter calquera servidor público. Para cando queda amañar as deficiencias sanitarias (con listas de espera de nove meses para acudir a un especialista), cando vai ser a quenda de poñerlle fin ás deficiencias en todo tipo de infraestruturas, e que falar das anomalías no eido laboral, como é a temporalidade, a falta de seguridade, os baixos salarios, o paro. Carencias que teñen somerxidos aos traballadores do noso País nunha nefasta precariedade. Situación que obriga todos os anos a emigrar a miles de mozos e mozas galegas na procura do sustento e calidade de vida.

Paréceme un despropósito, sen ningún tipo de xustificación, que o actual bipartito da Xunta, gaste 30 millóns de euros ao ano en premiar a uns “sufridos” altos cargos, que desde un posto de traballo seguro como o que teñen de funcionarios, nos fan ao resto dos cidadáns o grandísimo favor de arriscarse a ocupar un posto político. Aínda nos lles chegan retribucións que multiplican por 10 o salario mínimo e ter a súa disposición coches oficiais e conta aberta en restaurantes de postín.

Os que creemos nas posibilidades dun cambio social, os que creemos no futuro de Galiza, os que votamos para rachar co nefasto reinado do Partido Popular, non aceptamos este insulto do sobresoldo. A intelixencia e a boa vontade dos que confiamos no cambio de goberno, dos que como é o meu caso votamos polo BNG, esiximos coherencia e respecto co programa e ideas que di representar o goberno bipartito. Ao cumprirse os dous anos de lexislatura, demandamos un xiro á esquerda para satisfacer as necesidades sociais que son moitas e de calado, e entre as que para desgraza dos altos cargos actuais e pasados da Administración Autonómica, non esta poñerse unha gratificación millonaria para toda a vida a eles mesmos.

Remato agradecéndolle a persoas como Encarna Otero a súa valentía e compromiso. A revogación deste privilexio debe ser a primeira medida dese xiro á esquerda dun bipartito que até agora solo nos deu continuidade e mais do mesmo que tiñamos co Partido Popular.

Bautista Vega Tato. Secretario Confederal de Relacións Institucionais da CIG